



PLAN DIXITAL

IES David Buján

Versión 1.0 xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES David Buján (ies.david.bujan@edu.xunta.gal) atópase no lugar de Sigrás, en Camiño dos Cacharros n.º 1, no concello de Cambre. O Centro leva funcionando dende o curso 1990-1991 e oferta estudos de ESO e bacharelato. É un centro de liña dous na secundaria (aínda que nos últimos cursos vémonos na necesidade de facer tres grupos en 2º ou 3º) e liña tres en bacharelato. Conta tamén con seccións bilingües en Matemáticas (en 1º e 2º de ESO), en Bioloxía (1º, 3º e 4º de ESO), e Física e Química (3º e 4º de ESO). No curso no curso 21/22 matriculáronse no centro 417 alumnos/as e contamos con 42 profesores (35 definitivos) e unha profesora de Pedagogía Terapéutica.

O centro conta cunha páxina web actualizada onde se publica a información administrativa e educativa máis relevante: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdavidbujan/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro. O IES David Buján está situado nun entorno rural, en concreto nunha área con zonas residenciais e fincas agrícolas e gandeiras e a unha distancia de 20 km da cidade da Coruña. A comunidade escolar conserva as raíces e dinámicas do entorno rural: familias vencelladas ao campo, profesións tradicionais, fortes lazos familiares e de veciñanza, relación estreita co centro escolar, etc. Os estudantes proceden maioritariamente de zonas limítrofes; Carral (centro adscrito), Culleredo, Oleiros e Mabegondo, sobre todo no Bacharelato. O nivel socioeconómico é medio e medio-baixo, polo que son familias usuarias de fondo solidario de libros e das axudas de materiais educativos da Xunta. Hai un grupo reducido de alumnado con dificultades: inmigrantes, necesidades especiais de aprendizaxe, risco de exclusión social, dificultades derivadas da identidade de xénero, minusvalías, etnia xitana, etc.

En relación ao equipamento informático, segundo unha enquisa realizada no comezo deste curso escolar a maioría do alumnado conta polo menos cun ordenador por unidade familiar e unha conexión a internet aceptable, aínda que se detectaron algunhas necesidades e alumnos/as en risco de fenda dixital, polo que se emprestaron 12 kits de ultraportátil con conexión a internet dentro do programa “Educa en dixital”.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro. O noso centro leva desde o curso 2011-2012 no programa ABALAR e acabamos de incorporarnos ao programa EDIXGAL. Participamos en diversos programas de innovación educativa nos que o uso das TIC é fundamental para o seu desenvolvemento, como son os Clubs de Ciencia, o STEM BAC e os Contratos-Programa CP-Innova (EDU-innova, EDU-excelencia e EDU-calidade).

O pasado curso 20-21 o proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística do EDNL do IES David Buján, "**Ler é só o principio**", obtivo a consideración de excelente pola Consellería de Educación e foi premiado cunha dotación económica que permitiu adquirir 27 equipos ultraportátiles para desenvolver as actividades do proxecto.

Tamén levamos moitos anos participando en programas europeos (Comenius e Erasmus), moitos deles relacionados co ámbito das novas tecnoloxías. En concreto, durante os cursos 2017-2019 desenvolveuse o proxecto "In the Cloud" baseado nas posibilidades que ofrece a conectividade e o "Internet das cousas" e acabamos de rematar neste curso 2022 un proxecto coordinado pola Universidade da Coruña para desenvolver o currículo dunha materia de Intelixencia Artificial en centros de secundaria: "Developing an Artificial Intelligence curriculum adapted to European High Schools".

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Os obxectivos que se detallan no plan de acción deste Plan Dixital deberán ser tidos en consideración á hora de elaborar a Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do Plan Dixital

A elaboración deste Plan Dixital de centro axústase ao disposto na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital:

- Designación da persoa coordinadora e constitución do equipo de dinamización (6 de setembro de 2022)
- Cumprimentación dos cuestionarios Selfie (dende o 29 de novembro ata o 17 de decembro para o profesorado, equipo directivo e alumnado de bacharelato; dende o 9 de decembro ata o 17 de decembro para o alumnado ESO).
- Cumprimentación do Test CDD en Fprofe (dende o 8 ata o 28 de febreiro de 2022).

- Actividade de formación DAFO para todos os membros do equipo de dinamización (17 de marzo de 2022).
- Elaboración do DAFO (entre o 23 de marzo e o 7 de abril de 2022)
- Actividade de formación Plan de Acción para todos os membros do equipo de dinamización (20 de abril de 2022).
- Elaboración do Plan de Acción (entre o 20 de abril e o 11 de maio de 2022).
- Elaboración do resto de apartados do Plan Dixital para obter a versión 1.0 do PD do IES David Buján (entre o 31 de maio e o 12 de xuño de 2022).

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos)

O centro dispón de conexión cableada de fibra con velocidade de ____ de subida e ____ de baixada en todas as aulas de referencia, aulas de desdobres, aulas materia, de informática e laboratorios, así como nas dependencias de administración, despachos, departamentos e sala de profesores. Tamén temos unha rede wifi, recentemente instalada grazas ao programa “Escuelas conectadas”. Desde o ano 2020 temos telefonía por voz IP con terminais nos despachos e na sala de profesores

Aulas dixitalizadas

As 17 aulas de referencia que ten o centro contan cun ordenador portátil e EDI. Ademais, as 7 aulas de desdobres, as aulas materia de Plástica, Música e Tecnoloxía, o salón de actos e os tres laboratorios teñen ordenador e proxector. Na aula de pedagogía terapéutica existen seis postos informáticos obsoletos, ademais de proxector.

Proxecto E-dixgal

Temos concedido o proxecto E-Dixgal para 1º de ESO (60 equipos)

Equipos de xestión e administración

Existen ordenadores de sobremesa nos despachos de: Dirección, Vicedirección, Xefatura de Estudos, Secretaría, Administración e na Conserxería do centro, a cal dispón ademais dun monitor de TV para publicar anuncios relativos a actividades que se desenvolven no centro.

Uso na Biblioteca

Grazas ao programa PLAMBE acaban de adquirirse catro ordenadores portátiles para substituír catro dos seis equipos de sobremesa existentes. Tamén hai un proxector e unha pantalla.

Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos

En cada un dos 16 departamentos didácticos existen ordenadores de sobremesa, e na sala de profesores hai tres postos informáticos, unha impresora conectada á rede, un

proxector e unha pantalla. Ademais na sala de titorías tamén hai un ordenador portátil, un proxector e unha pantalla.

Aulas de Informática

Contamos con tres aulas de informática con 24, 14 e 13 ordenadores de sobremesa ademais de proxector e pantalla

Dotacións para proxectos específicos

Como consecuencia do premio na convocatoria do ano 2016 de *Inspiratics* adquiríronse 10 tabletas para o laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.

Logo da participación no proxecto Erasmus+ *In The Cloud* adquiríronse 4 tabletas e 4 ordenadores portátiles para o centro.

Co gallo da participación no proxecto Erasmus+ *Developing an Artificial Intelligence Curriculum Adapted to European High Schools* adquiríronse 10 ordenadores portátiles para a aula de Tecnoloxía.

Coa dotación recibida polo premio no proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística *Ler é só o principio* adquirimos 27 equipos ultraportátiles para desenvolver as actividades de dito proxecto.

Dentro do protocolo Educa Dixital o centro recibiu 30 kits de portátil e conexión a internet para emprestar ao alumnado desfavorecido por razóns de fenda dixital.

Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente

O centro conta cunha páxina web e con aulas virtuais plenamente operativas en todas as materias ofertadas polo centro. A maioría das familias usan a ferramenta Abalarmóbil para recibir información dos seus fillos/as. Temos concedido o programa E-dixgal para ser implantado o vindeiro curso en 1º ESO. Ademais o centro ten rexistrado o dominio *iesdavidbujan.gal* para utilizar as ferramentas de Google para educación.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

As incidencias informáticas comunícanse ao coordinador/a TIC, segundo o modelo proporcionado na conserxería ou nas aulas. Tras valorar a incidencia, se non é posible solucionala o coordinador/a TIC poderá comunicala á UAC ou ben a unha empresa de reparación e/ou mantemento. Ademais, nas aulas de informática cada equipo terá unha folla de rexistro de uso na que, para cada sesión, o alumnado e profesorado anotará o seu nome, materia e hora á que utilizou ese equipo.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).

O Plan de Continxencia do centro educativo IES David Buján ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

O Plan de Continxencia está publicado na web do centro no seguinte enlace:
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdavidbujan/system/files/u115/PLAN%20DE%20CONTINXENCIA_2.pdf

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: A información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa móstrase na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	--	2,6	2,7	--	--
	Profesorado	--	2,8	2,8	--	--
	Alumnado	--	--	--	--	--
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	--	3,0	3,2	--	--
	Profesorado	--	3,0	2,8	--	--
	Alumnado	--	2,8	2,8	--	--
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	--	3,0	3,0	--	--
	Profesorado	--	2,7	2,7	--	--
	Alumnado	--	3,1	3,2	--	--
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	--	3,7	3,9	--	--
	Profesorado	--	3,1	3,0	--	--
	Alumnado	--	--	--	--	--
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	--	4,3	4,0	--	--
	Profesorado	--	3,9	3,8	--	--
	Alumnado	--	4,0	3,9	--	--
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	--	3,5	4,0	--	--
	Profesorado	--	3,1	3,0	--	--
	Alumnado	--	3,1	3,3	--	--
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	--	2,9	2,9	--	--
	Profesorado	--	2,6	2,6	--	--
	Alumnado	--	2,8	2,8	--	--
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	--	3,2	3,1	--	--
	Profesorado	--	2,9	2,8	--	--
	Alumnado	--	3,1	3,3	--	--

Test CDD: A continuación móstrase a información relativa ao perfil do profesorado participante (táboa 1.3 do test) e aos resultados do informe grupal do TestCDD de centro (táboas 2.1, 2.2 e 2.3).

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	28	36	77,8 %
PROVISIONAL	3	5	60 %
INTERINO	1	2	50 %
SUBSTITUTO	4	4	100 %
DESPRAZADO	1	4	25 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	76,3	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	77,1	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	--	--
A2	16	43,2 %
B1	17	45,9 %
B2	3	8,1 %
C1	--	--
C2	1	2,7 %
TOTAL	37	100 %

Outras fontes:

- Cuestionario realizado ao alumnado ao comenzo do curso co fin de detectar riscos de exclusión dixital.
- Coñecemento da realidade do centro por parte dos membros do equipo de dinamización para a realización do plan dixital.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1: O centro xestiona contas para toda a comunidade educativa que permiten o acceso a diversos aplicativos e a espazos para o almacenamento e intercambio de documentos. C2: Case todas as aulas contan con encerados dixitais interactivos. E5: Utilízanse recursos educativos abertos.	C1: Necesidade de actualizar os equipamentos e as redes. C3: Necesidade de mellora no acceso dos equipos a Internet.
	PERSONAL DOCENTE	E3: Tras a COVID-19 todo o profesorado utiliza os contornos virtuais de aprendizaxe (Moodle). H: Resultados do Test CDD; nivel aceptable (B1, Integrador) como punto de partida.	A4: Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. A5: Deficientes coñecementos sobre dereitos de autor e outras consideracións xurídicas. G: Insuficiente emprego de prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía, incluíndo información e retroalimentación ao alumnado. A3: A maior parte do profesorado non é partidario de solicitar a participación do centro no proxecto E-Dixgal.
	PERSONAL NON DOCENTE	- Persoal non docente cualificado, coñecedor das instalación do centro e colaborador.	
	ALUMNADO	F4: O alumnado xeralmente fai un uso responsable do equipamento do centro.	C11: Niveis de competencia dixital moi dispares.
	FAMILIAS	E4: Implantación xeneralizada da aplicación ABALAR móbil.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	D2: Participación en varios programas de innovación educativa: Stembac, Club de Ciencia, Erasmus+.	C5: A implantación do Plan Dixital esixirá dunha asistencia técnica axeitada: non contamos con persoal informático na plantilla.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C16: Existen repositorios e bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensinanza aprendizaxe. Por exemplo: Espazo Abalar, Agueiro... - A propia Estratexia Educación Dixital 2030, financiada a través dos fondos NextGeneration da UE e a creación da Rede Galega de Educación Dixital cos seus equipos de apoio ADIX.	C2: Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración. C3: Montaxes técnicos da rede wifi pendentes de execución. - Excesiva burocracia e papeleo que restan enerxías.
	LEXISLACIÓN		H: A lexislación educativa contempla basicamente como optativas as materias nas que se imparten contidos curriculares directamente relacionados coa dixitalización. H11: A lexislación educativa non contempla a impartición de contidos relacionados co pensamento computacional. - Elevado número de alumnos por aula.
	CONTORNA	- Para suplir a falta de dispositivos para o alumnado, poderíase contemplar a posibilidade de que parte do alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.	
	ANPA	H1, H3: Seguramente acollería favorablemente propostas como formación en bienestar dixital, etc.	
	OUTRAS ENTIDADES	- A posta en marcha do Plan Dixital no curso 2022-23 coincide coa renovación da Dirección do centro.	C5: Problemas técnicos frecuentes.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO resúmese na seguinte lista:

- Actividade de formación Plan de Acción para todos os membros do equipo de dinamización (20 de abril de 2022).
- Elaboración dun borrador con posibles obxectivos.
- Concreción dos obxectivos que se consideraron prioritarios e factibles, determinando os indicadores de logro, os responsables, a temporización e os recursos necesarios.

Os obxectivos do Plan de Acción relaciónanse nas táboas das páxinas seguintes. Para cada obxectivo indícase tamén a seguinte información:

- Indicadores de logro cos seus valores de partida e de chegada.
- As accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, a temporización e os recursos necesarios.

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Acadar unha maior dispoñibilidade horaria para as actividades relacionadas co ensino dixital. (A4. Tempo para explorar a ensinanza dixital).				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO	Redución horaria do profesorado para coordinar e dinamizar as actividades relacionadas co ensino dixital.					
Valor de partida	4 horas (3h coord. TIC + 1h administración sitio web).					
Valor previsto e data	12 horas (5h coord. TIC + 3h coord. Edixgal + 3h coord. Plan Dixital + 1h administración sitio web e redes sociais).			Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Avaliar as necesidades horarias para implementar o Plan Dixital, Edixgal, o Polo Creativo, etc.	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • coord. TIC • Coord. Plan Dixital • coord. Edixgal 	Xuño 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Dispoñibilidade horaria 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar á Administración Educativa os recursos humanos necesarios.	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo 	Xullo 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un equipo de dinamización TIC (Aula virtual, Edixgal, sitio web,	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • coord. TIC 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado voluntario • Dispoñibilidade horaria 		Realizada	
					Aprazada	

redes sociais, etc.)					Pendente	
----------------------	--	--	--	--	-----------------	--

Área/s de mellora: Liderado (A)

OBXECTIVO 2:	Fomentar a participación no programa Edixgal (A2. Desenvolvemento da estratexia dixital co profesorado)		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, coord. plan dixital e coord. Edixgal		Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Nº de materias a impartir co programa Edixgal				
Valor de partida	6 materias impartidas con Edixgal en 1º ESO no curso 2022-2023				
Valor previsto e data	14 materias impartidas con Edixgal considerando 1º e 2º ESO	21 materias impartidas con Edixgal considerando 1º, 2º e 3º ESO	28 materias impartidas con Edixgal considerando 1º, 2º, 3º e 4º ESO	setembro 2023 setembro 2024 setembro 2025	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Facilitar que o profesorado acceda ao material dispoñible	<ul style="list-style-type: none"> • coord. Edixgal • coord. TIC 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais Edixgal • Ordenadores • Conexión internet 		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Xestionar a entrega e seguimento dos equipos Edixgal	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo Directivo • coord. Edixgal • Profesorado Edixgal 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Equipos Edixgal 		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Difundir boas	<ul style="list-style-type: none"> • coord. Edixgal 	Maio 2023	<ul style="list-style-type: none"> • Curso de formación en 		Realizada

prácticas entre o profesorado	• coord. Plan Dixital		PLATEGA • Colaboración de profesorado experto • Disponibilidad horaria		Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)

OBXECTIVO 3:	Adecuar as programacións didácticas ao Plan dixital de Centro. (A2. Desenvolvemento da estratexia dixital do centro co profesorado)		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo Directivo + coord. TIC + CCP		Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Incorporación da estratexia dixital do centro nas Programacións didácticas dos diferentes Departamentos Didácticos				
Valor de partida	Non aplica (no curso actual non existe Plan dixital).				
Valor previsto e data	Programacións adaptadas ao Plan Dixital do centro		Setembro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A03.1: Adecuar as programacións didácticas ao Plan Dixital	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo Xefes/as de Departamentos 	Setembro 2023	<ul style="list-style-type: none"> Programacións Didácticas Equipos informáticos actualizados nos departamentos. 		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Infraestructura e equipos (C)

OBXECTIVO 4:	Inventariar e realizar o mantemento do equipamento informático do centro. (C2. Dispositivos dixitais para a ensinanza)			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo e coord. TIC			Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Equipamento inventariado e en correcto funcionamento.					
Valor de partida	Inventario do curso anterior.					
Valor previsto e data	Inventario actualizado e software actualizado.			Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Actualizar ou substituír os equipos das aulas de informática.	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • coord. TIC 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Persoal técnico externo. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Revisar os equipos informáticos de cada aula (especial atención aos sistemas de imaxe e son).	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • coord. TIC 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Persoal técnico externo. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Revisar os equipos informáticos dos	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • coord. TIC 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Persoal técnico externo. 		Realizada	
					Aprazada	

departamentos e da sala de professores.					Pendente	
--------------------------------------------	--	--	--	--	----------	--

Área/s de mellora: Infraestructura e equipos (C)						
OBXECTIVO 5:	Adquirir Chromebooks con armario de carga para levar ás aulas				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO	Nº de equipos					
Valor de partida	27 equipos e un armario para o primeiro andar + ningún equipo para o segundo andar					
Valor previsto e data	30 equipos e un armario para o primeiro andar + 30 equipos e un armario para o primeiro andar			Setembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Solicitar o equipamento a AMTEGA / Adquirir o equipamento	• Equipo directivo	Setembro 2022	• Cobertura WiFi integral.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)

OBXECTIVO 6:	Adaptar a aula de Tecnoloxía á nova materia de Tecnoloxía e Dixitalización (C1. Infraestruturas, C14. Espazos físicos).		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, xefatura departamento Tecnoloxía		Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Adaptación total da aula, con mobiliario, equipos e instalacións.				
Valor de partida	10 ordenadores portátiles.				
Valor previsto e data	30 postos cos seus respectivos equipos		Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO6.1: Diseñar os espazos da Aula de Tecnoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. TIC Xefatura de departamento de Tecnoloxía 	Xuño 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO6.2: Executar as obras necesarias.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo 	Agosto 2022	<ul style="list-style-type: none"> Empresa contratada para realizar as obras. 		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO6.3: Adquirir equipamento.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. TIC 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Mobiliario (mesas, etc). Ordenadores portátiles. 		Realizada
					Aprazada

	<ul style="list-style-type: none">• Xefatura de departamento de				Pendente	
--	-------------------------------------------------------------------------------	--	--	--	-----------------	--

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)

OBXECTIVO 7:	Participar no programa de innovación educativa Polos creativos” (C1. Infraestruturas e C14. Espazos físicos)		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, coord. TIC e coord. Plan Dixital		Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Incorporación do centro ao programa de Polos creativos.				
Valor de partida	O centro non participa no programa (non existe no curso actual).				
Valor previsto e data	Polo creativo adxudicado.		Xuño 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A07.1: Elaborar o proxecto e presentar a solicitude.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital 	Maio 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A07.2: Adaptar espazos	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital 	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Os que se determinen na redacción do proxecto de solicitude do Polo Creativo. 		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)

OBXECTIVO 8:	Mellorar a competencia dixital do profesorado por medio dun itinerario novo no PFPP do centro (D1. Necesidades de DPC + D3. Intercambio de experiencias)			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo de formación (Dirección do centro, persoa responsable da formación e persoa coord.a do itinerario de formación)			Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Puntuación media do profesorado do centro nos resultados do test de competencia dixital docente.					
Valor de partida	74,5 / 192					
Valor previsto e data	96 / 192			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Entregar a planificación para o seguinte ano na aplicación Fprofe	• Dirección	Xuño 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Desenvolver as actividades formativas	• Equipo de formación	Maio 2023	• Os que se determinen na redacción do plan de formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Elaborar e entregar a memoria en Fprofe e no CFR	• Equipo de formación.	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
--	--	--	--	--	-----------------	--

• Personal asesor.

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)

OBXECTIVO 9:	Promover o uso de canles de comunicación para a comunidade educativa. (E4. Comunicación coa comunidade educativa)	Acadado			
RESPONSABLE:	Equipo directivo + coord. Plan Dixital + CCP	Non acadado			
INDICADORES DO OBXECTIVO	Existencia dun plan para a presenza do centro en internet				
Valor de partida	Non existe un plan para a presenza do centro en internet				
Valor previsto e data	Existe un plan para a presenza do centro en internet	Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO9.1: Achegar ideas para mellorar as canles de comunicación do centro en internet.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital CCP 	Outubro 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO9.2: Actualizar a estratexia para a presenza do centro en redes sociais.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital 	Decembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Dispoñibilidade horaria 		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO9.3: Actualizar o deseño da web e adoptar criterios	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital 	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> Dispoñibilidade horaria 		Realizada
					Aprazada

homoxéneos para a
publicación de contidos.

• CCP

Pendente

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)

OBXECTIVO 10:	Utilizar Espazo Abalar para informes de titoría.		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo + coord. TIC + CCP		Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de persoas titoras que utilizan Espazo Abalar para recoller informes do alumnado da súa titoría.				
Valor de partida	Non se usa Espazo Abalar para informes de titoría				
Valor previsto e data	100% das persoas titoras utilizan Espazo Abalar para recoller os informes.	Xuño 2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO10.1: Fomentar o uso de Espazo Abalar entre o profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • coord. TIC 	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo humano • Disponibilidade horaria 		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)

OBXECTIVO 11:	Promover o uso de ferramentas dixitais no proceso de avaliación. (G7. Avaliación dixital).		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo + coord. TIC + CCP		Non acadado		
INDICADORES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado que utiliza ferramentas dixitais no proceso de avaliación.				
Valor de partida	Descoñecido.				
Valor previsto e data	O 25% do profesorado utiliza ferramentas dixitais no proceso de avaliación.	Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO11.1: Analizar as posibilidades de empregar instrumentos de avaliación baseados en ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital 	Decembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos Dispoñibilidade horaria 		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO11.2: Elaborar un libro de cualificacións dixital	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo coord. Plan Dixital 	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos Dispoñibilidade horaria 		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura dixital

- Conexión cableada de datos e instalación de alimentación para 30 postos de traballo na aula de Tecnoloxía e Dixitalización.

Equipamento

- Aulas dixitalizadas:
 - Reposición de ?? ordenadores portátiles.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos:
 - 17 ordenadores para os departamentos didácticos.
 - 1 impresora multifunción con conectividade LAN para a sala de profesores.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil:
 - 30 equipos ultraportátiles para aula móbil
 - 1 armario de carga para equipos ultraportátiles.
- Aulas de informática:
 - 30 ordenadores portátiles para a aula de Tecnoloxía e Dixitalización.
 - 25 postos informáticos completos para renovación da aula informática A.
 - 60 auriculares robustos.
- Proxectos específicos:
 - Material asociado ao polo creativo (a relación deste material figura na solicitude do polo creativo).

Servizos dixitais educativos

- Posibilidade de realizar copias de seguridade programadas dos cursos da aula virtual que inclúan os datos do alumnado (tarefas, cualificacións, etc.).

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos axustarase á temporalización seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

- Unha vez aprobado polo Consello Escolar, o Plan Dixital será publicado na web do centro. No momento da publicación estará promovido na páxina principal.
- Periodicamente se informará ao Claustro e ao Consello Escolar do grao de consecución do Plan Dixital.
- Comunicación directa co alumnado na aula.